


**CURSO DE ERGONOMÍA E HIXIENE
POSTURAL NA INTERPRETACIÓN:
DEPARTAMENTO MÚSICA TRADICIONAL**



FERNANDO F. DE VICENTE DE VICENTE

DATAS 22 e 29 Xaneiro 2025

Fernando F. de Vicente de Vicente

De todas estas caras quedan atrás anos dedicados á interpretación musical, con catro participacións discográficas e dúas en libros divulgativos; tamén se dedicou á docencia na “Escola de Música Tradicional” que cofundou en Ourense hai máis de 25 anos, que segue en activo dirixida por un dos seus antigos alumnos e na que segue colaborando. Ademais, destaca a súa participación na difusión da música tradicional como membro da asociación cultural "Gomes Mouro" de Ourense. Tamén quedan cinco cursos académicos en diversos centros educativos de Ourense -a súa cidade natal- dedicados ao ensino regrado e nos que viviu as etapas de educación infantil, primaria e secundaria como profesor de música e música en inglés. Cursos académicos que seguiron a dúas bolsas Erasmus, na Universidade de Helsinki e "The English School of Helsinki". A súa paixón pola ciencia e a saúde levouno a iniciar os seus estudos universitarios en Veterinaria, profesión que exerce na actualidade no ámbito da Inspección de Saúde Pública para a Administración autonómica. Nos últimos anos, tras sufrir unha lesión que lle impediu temporalmente practicar a música coa gaita galega, incorporou á súa vida coñecementos e prácticas de diversas disciplinas como Mindfulness, Osteopatía, Reeducación Postural, Pilates e Reflexoloxía; que foron fundamentais na súa recuperación, e que considera positivamente que poden ser útiles para outros intérpretes musicais para mellorar a súa interpretación, previr enfermidades profesionais ou mellorar o seu estado en casos de dificultades físicas.

Programa do Curso

LUGAR: Sala de audicións

DATAS: 22 e 29 de Xaneiro 2025

HORARIO: 18-20h

DEREITOS DE MATRÍCULA:

- Alumno/as activos do Centro: 10€
- Alumno/as activos externos ao Centro: 20€

OBXECTIVOS:

Crear hábitos posturais correctos para a práctica musical

Aprender a prepararse fisicamente para interpretación pública

Realizar estiramientos e exercicios para evitar lesións

CONTIDOS:

Descrición do aparato motriz no músico

Avaliación da postura de cada inscrito no curso

Pautas para mellora postural

As inscricións abonaranse en **ABANCA**,

IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro. O prazo de matrícula remata o día ___ de _____ de 20__

A todos os alumnos participantes no curso entregaráselle, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo pola súa asistencia.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso de Interpretación de _____

Nome e apelidos _____

Enderezo _____

CP e Poboación _____

Teléfono _____ E-mail _____

Nivel de estudos: G.E. G.P. G.S.

Centro de estudos _____

Alumnado activo do centro G.E.

Alumnado activo do centro G.P.

Alumnado activo externo.

Alumnado oínte.

Data de inscrición _____

Sinatura _____